CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## CURSO 1º
## OBXECTIVOS XERAIS

- Coñece-la música tradicional galega nas súas diferentes manifestacións, expresións e historia.

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

- Establecer uns criterios mínimos á hora de estuda-las diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

## CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Fontes para o estudio da música tradicional e popular galega. Historiografía: visión de conxunto da música de Galicia, desde a Idade Media ata os nosos días.

- Principais estudios, cancioneiros, antoloxías sonoras e fontes. Estudios folclóricos. Outros estudios de índole etnográfica e antropolóxica.

- Organoloxía. Estudio descritivo do *instrumentarium* da música tradicional galega. Orixe histórico e relacións co instrumental doutras zonas. Clasificación dos instrumentos. A gaita e a pandeireta como paradigmas na música tradicional.

- Organización e criterios de clasificación do *corpus* musical tradicional. Ordenación, sistematización e estudio do repertorio.

- Introdución á análise literario, musical e estilístico de pezas do repertorio tradicional.

- Música tradicional e institucións. Política, música tradicional, identidade, etnicidade. O papel das institucións na conservación e transmisión da música galega.

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

- Socioloxía da música tradicional. O papel dos medios de comunicación.

## CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Estudio das condicións socio económicas, administrativas e culturais de Galicia, a través de estudios antropolóxicos ou etnográficos de diferente índole.
- instrumento como obxecto etnográfico.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Comentario de texto, estudios e relatorios que traten sobre a música galega.
- Recensión de libros, propostos polo profesorado.
- Estudio e comentario crítico razoado sobre un cancioneiro proposto polo profesorado.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades habituais realizadas na clase.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.

## CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Actitude crítica ante o repertorio considerado “tradicional e popular galego”, separando a música de carácter etnomusicolóxico de outras consideradas “folclóricas” e emitidas polos medios de comunicación.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a historia da música galega, considerando unha postura activa, e razoada, ante a súa transmisión e conservación.

## CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

- Consideración ampla sobre as posibilidades e emprego da música tradicional no eido da música chamada folk, así como noutras etiquetas discográficas (“étnica”, “*new age*”, “*child out*”...)

- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia, extensiva a outras manifestacións populares do Estado Español, Europa ou o mundo.

- Interese polo coñecemento das diferentes posturas ideolóxicas en relación coa cultura galega a través dos séculos.

## METODOLOXÍA

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

- A materia preséntase ó longo da especialidade distribuída ó longo dos catro cursos, o que permite unha axeitada distribución dos contidos. Ademais, as indicacións presentes no currículo outórganlle unha considerable carga, polo que este principio de distribución e secuenciación é claramente necesario.

- En xeral, a distribución por cursos da materia establece, no primeiro curso, unha visión xeral sobre a música galega, a súa historia, organoloxía, investigacións así como un principio de contextualización, ó tratar non só os estudios de índole musical, senón outros, sexan folclóricos, artísticos, literarios, idiomáticos, etc., considerando á música tradicional como mostra dunha cultura nun momento e lugar determinado, inseparable no seu estudio das circunstancias nas que, e para ás que, foi creada ou empregada.

- O segundo curso dedícase ó coñecemento e estudio dos diferentes cancioneiros, baseado na análise crítica das obras presentes neles, desde o punto de vista tanto musical como literario.

- O terceiro curso pretende ofrecer unha visión ampla sobre a música galega, e non só do eido tradicional, con atención ós intérpretes sexa cal sexa o seu ámbito de actuación (gaiteiros solistas, cuartetos tradicionais, coros folclóricos, bandas históricas, grupos folk...).

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



- Finalmente, no cuarto curso estudarase a historia da música galega, desde a Idade media ata os nosos días.

- Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias propias da especialidade, como en “Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica”.

## ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes na materia. Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Nos traballos individuais aproveitarase o espazo da aula, redistribuíndo ó alumnado de forma espazosa.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Exposición do profesorado: o fundamento das clases basearase na exposición de materia por parte do profesorado, sen que este principio suporía a exclusividade deste sistema.

- A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos deben estar vinculados coas actividades propostas.

- Socialización: a través do traballo en equipo considerado nalgunha das actividades.

- Individualidade: a pesar da existencia de actividades de conxunto, a maior parte serán de índole individual, titorizados directamente polo profesorado.

## MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descuberta: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a

través do interiorizado no estudio do instrumento principal, ou ben doutras materias, o ben desde as actividades realizadas fóra do centro.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## MODELO DE APRENDIZAXE

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores, e sen esquece-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación musical e investigadora.

- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre a necesidade e validez das análises realizadas.

- Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos previos, e estes en relación cos futuros de materias afíns, así como na súa formación persoal.

- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coa diferente idades do alumnado e a experiencia con que contan no ámbito do análise e o traballo de campo.

## PROFESORADO

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, a dificultade dos contidos, e a coñecementos previos deles, potenciando o intercambio e a participación cando se traten temas relativos á súa experiencia persoal.

- Utilización de estratexias que obriguen a ter presénte-los coñecementos previos que posúen.

## RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



- Ordenador e proxector ("canón").
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, artigos, ponencias, estudios, e mailas fotocopias de páxinas dos cancioneiros tratados.
- CDs coas audicións tratadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analiza-lo papel desempeñado pola música tradicional de forma cotiá, valorando á contribución á formación e o benestar persoal.

- Recoñece-lo papel desempeñado pola música tradicional galega ó longo da historia da música, e ser capaz de establecer relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma exigua, tendo en conta o nivel de estudios en cada caso, así como a idade do alumnado.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.

- Traballos individuais ou grupais.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA SETEMBRO

- Realización dunha proba escrita onde se avaliará o nivel de adquisición dos contidos conceptuais da materia.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

**CURSO 1º**
**OBXECTIVOS XERAIS**

- Coñece-la música tradicional galega nas súas diferentes manifestacións, expresións e historia.

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

- Establecer uns criterios mínimos á hora de estuda-las diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS**

- Fontes para o estudio da música tradicional e popular galega. Historiografía: visión de conxunto da música de Galicia, desde a Idade Media ata os nosos días.

- Principais estudios, cancioneiros, antoloxías sonoras e fontes. Estudios folclóricos. Outros estudios de índole etnográfica e antropolóxica.

- Organoloxía. Estudio descritivo do *instrumentarium* da música tradicional galega. Orixe histórico e relacións co instrumental doutras zonas. Clasificación dos instrumentos. A gaita e a pandeireta como paradigmas na música tradicional.

- Organización e criterios de clasificación do *corpus* musical tradicional. Ordenación, sistematización e estudio do repertorio.

- Introdución á análise literario, musical e estilístico de pezas do repertorio tradicional.

- Música tradicional e institucións. Política, música tradicional, identidade, etnicidade. O papel das institucións na conservación e transmisión da música galega.

- Socioloxía da música tradicional. O papel dos medios de comunicación.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS**

- Estudio das condicións socio económicas, administrativas e culturais de Galicia, a través de estudios antropolóxicos ou etnográficos de diferente índole.
- O instrumento como obxecto etnográfico.

**CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS**

- Comentario de texto, estudios e relatorios que traten sobre a música galega.
- Recensión de libros, propostos polo profesorado.
- Estudio e comentario crítico razoado sobre un cancioneiro proposto polo profesorado.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades habituais realizadas na clase.

**CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS**

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.

**CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS**

- Actitude crítica ante o repertorio considerado “tradicional e popular galego”, separando a música de carácter etnomusicolóxico de outras consideradas “folclóricas” e emitidas polos medios de comunicación.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a historia da música galega, considerando unha postura activa, e razoada, ante a súa transmisión e conservación.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Consideración ampla sobre as posibilidades e emprego da música tradicional no eido da música chamada folk, así como noutras etiquetas discográficas ("étnica", "*new age*", "*child out*"...)

- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia, extensiva a outras manifestacións populares do Estado Español, Europa ou o mundo.

- Interese polo coñecemento das diferentes posturas ideolóxicas en relación coa cultura galega a través dos séculos.

## METODOLOXÍA

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

- A materia preséntase ó longo da especialidade distribuída ó longo dos catro cursos, o que permite unha axeitada distribución dos contidos. Ademais, as indicacións presentes no currículo outórganlle unha considerable carga, polo que este principio de distribución e secuenciación é claramente necesario.

- En xeral, a distribución por cursos da materia establece, no primeiro curso, unha visión xeral sobre a música galega, a súa historia, organoloxía, investigacións así como un principio de contextualización, ó tratar non só os estudios de índole musical, senón outros, sexan folclóricos, artísticos, literarios, idiomáticos, etc., considerando á música tradicional como mostra dunha cultura nun momento e lugar determinado, inseparable no seu estudio das circunstancias nas que, e para ás que, foi creada ou empregada.

- O segundo curso dedícase ó coñecemento e estudio dos diferentes cancioneiros, baseado na análise crítica das obras presentes neles, desde o punto de vista tanto musical como literario.

- O terceiro curso pretende ofrecer unha visión ampla sobre a música galega, e non só do eido tradicional, con atención ós intérpretes sexa cal sexa o seu ámbito de

actuación (gaiteiros solistas, cuartetos tradicionais, coros folclóricos, bandas históricas, grupos folk...)

- Finalmente, no cuarto curso estudarase a historia da música galega, desde a Idade media ata os nosos días.

- Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias propias da especialidade, como en “Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica”.

## ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes na materia. Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Nos traballos individuais aproveitarase o espazo da aula, redistribuíndo ó alumnado de forma espazosa.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Exposición do profesorado: o fundamento das clases basearase na exposición de materia por parte do profesorado, sen que este principio suporía a exclusividade deste sistema.

- A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos deben estar vinculados coas actividades propostas.

- Socialización: a través do traballo en equipo considerado nalgunha das actividades.

- Individualidade: a pesar da existencia de actividades de conxunto, a maior parte serán de índole individual, titorizados directamente polo profesorado.

## MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descuberta: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



través do interiorizado no estudio do instrumento principal, ou ben doutras materias, o ben desde as actividades realizadas fóra do centro.

## MODELO DE APRENDIZAXE

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores, e sen esquece-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación musical e investigadora.

- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre a necesidade e validez das análises realizadas.

- Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos previos, e estes en relación cos futuros de materias afíns, así como na súa formación persoal.

- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coa diferente idades do alumnado e a experiencia con que contan no ámbito do análise e o traballo de campo.

## PROFESORADO

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, a dificultade dos contidos, e a coñecementos previos deles, potenciando o intercambio e a participación cando se traten temas relativos á súa experiencia persoal.

- Utilización de estratexias que obriguen a ter presénte-los coñecementos previos que posúen.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Ordenador e proxector ("canón").
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, artigos, ponencias, estudios, e mailas fotocopias de páxinas dos cancioneiros tratados.
- CDs coas audicións tratadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analiza-lo papel desempeñado pola música tradicional de forma cotiá, valorando á contribución á formación e o benestar persoal.

- Recoñece-lo papel desempeñado pola música tradicional galega ó longo da historia da música, e ser capaz de establecer relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma exigua, tendo en conta o nivel de estudios en cada caso, así como a idade do alumnado.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.

- Traballos individuais ou grupais.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

**CURSO 2º**
**OBXECTIVOS XERAIS**

- Coñecer en profundidade os cancioneiros existentes, relativos á Música Tradicional de Galicia.

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Coñecer a terminoloxía básica de análise, e saber aplicala nun contexto de estudio, con vistas a proporciona-los criterios necesarios para elabora-los seus propios traballos e publicacións.

- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

- Establecer uns criterios críticos mínimos á hora de estuda-los diferentes cancioneiros e valoralos, estendendo este principio de valoración ós seus traballos habituais.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS**

- A análise literario e musical: guía e xustificación. Plantexamento básico de estudio.

- "Cancioneiro Tradicional da Provincia de Ourense" da Agrupación Castro Floxo.Características e historia. Apartados. Contidos.

- "Cancioneiro Galego" de Casto Sampedro e Folgar. Antecedentes. Características e historia. Apartados. Contidos. Importancia e proxección da obra de Casto Sampedro na etnomusicoloxía galega.

- "Cancioneiro Galego" de Dorothé Schubarth. (Volume xeral). Características e criterios de clasificación.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo


# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Afondamento na análise literaria.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Análise musical e literario de obras representativas dos diferentes cancioneiros.
- Audicións comparadas nas audicións, sempre que sexa posible por existir varias versións.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades e exercicios de clase.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)

## CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Actitude crítica ante o análise dos diferentes cancioneiros, valorando a súa contribución ó estudio da música tradicional e popular galega, pero tamén as carencias e problemas atopados neles.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Actitude de esixencia ante as análises realizadas por eles mesmos.

## CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Interese polo análise como medio de achegamento á música tradicional, sexa propia ou allea.
- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a música galega, así como postura activa ante a transmisión do patrimonio galego.

## METODOLOXÍA

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

- A materia preséntase ó longo da especialidade distribuída ó longo dos catro cursos, o que permite unha axeitada distribución dos contidos. Ademais, as indicacións presentes no currículo outórganlle unha considerable carga, polo que este principio de distribución e secuenciación é claramente necesario.

- En xeral, a distribución por cursos da materia establece, no primeiro curso, unha visión xeral sobre a música galega, a súa historia, organoloxía, investigacións... así como un principio de contextualización, ó tratar non só os estudios de índole musical, senón outros, sexan folclóricos, artísticos, literarios, idiomáticos, etc., considerando á música tradicional como mostra dunha cultura nun momento e lugar determinado, inseparable no seu estudio das circunstancias nas que, e para ás que, foi creada ou empregada.

- O segundo curso dedícase ó coñecemento e estudio dos diferentes cancioneiros, baseado na análise crítica das obras presentes neles, desde o punto de vista tanto musical como literario.

- O terceiro curso pretende afondar nos coñecementos adquiridos no segundo, completando con traballos realizados polo alumnado, tanto no campo como sobre cancioneiros concretos.

- Finalmente, no cuarto curso estudarase a historia da música galega, desde a Idade Media ata os nosos días, ademais de ofrecer unha visión ampla sobre a música galega, e non só do eido tradicional, con atención ós intérpretes sexa cal sexa o seu ámbito de actuación (gaiteiros solistas, cuartetos tradicionais, coros folclóricos, bandas históricas, grupos folk...).

- Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias propias da especialidade,

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



especialmente en “Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica” de 1º curso, e “Historia da Etnomusicoloxía” de 2º. A materia directamente relacionada é “Traballo de campo”, coa que comparte contidos, polo que será habitual referirse indistintamente a ámbalas dúas, especialmente polo que se refire ós métodos de traballo seguidos no campo, así como o análise propio do “laboratorio”, e moi concretamente referidos ó segundo curso.

## ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes na materia. Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Nos traballos individuais aproveitarase o espazo da aula, redistribuíndo ó alumnado de forma espazosa,.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Actividade: especialmente neste curso, xa que o desenvolvemento da materia baséase na aplicación dun método activo, pois para comprende-los cancioneiros resulta imprescindible analizalos; por iso, será fundamental participar nas distintas actividades que impliquen o seu estudio e, polo tanto, o desenvolvemento da capacidade e coñecemento dos rudimentos básicos do análise etnomusicolóxico. No primeiro, dado o carácter introdutorio, o plantexamento estará máis baseado na exposición teórica do profesorado.

- A unidade de teoría e práctica: no segundo curso, os conceptos teóricos referidos ós criterios a empregar á hora de realizar un análise, deben estar vinculados coas actividades propostas, baseadas na análise de obras propostas, como forma de interioriza-los aprendizaxes e automatiza-lo proceso de análise de obras, interiorizando os apartados tratados e comprendendo a existencia de tipos comúns (literarios e musicais, sexan rítmicos, melódicos, de tipo ou xénero, etc.) dentro do repertorio tradicional.

- Socialización: a través do traballo en equipo plantexado nalgunha das actividades.

- Individualidade: a pesar da existencia de actividades de conxunto, algunhas obrigarán á preparación persoal e individualizada das clases, e sempre dentro do análise de obras de cancioneiros propostos, duna clase semanal á seguinte.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descubrimento: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a través do interiorizado no estudio do instrumento principal, ou ben doutras materias, o ben desde as actividades realizadas fóra do centro.

## MODELO DE APRENDIZAXE

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores, e sen esquece-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación musical e investigadora.

- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre a necesidade e validez das análises realizadas.

- Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos previos, e estes en relación cos futuros de materias afíns, así como na súa formación persoal.

- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coas diferentes idades do alumnado e a experiencia con que contan no ámbito do análise e o traballo de campo.

## PROFESORADO

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, a dificultade dos contidos, e a experiencia previa deles, potenciando o intercambio e a participación cando se traten temas relativos á súa experiencia persoal e profesional.

- Consideración do carácter do alumnado como profesorado en outros centros, dado que varios deles comparten a súa formación con experiencia docente en centros de grao medio (e o resto como profesores particulares da súa especialidade instrumental).

- Fomento do traballo en grupo, establecido sobre criterios docentes, procurando potencia-lo reparto do traballo, a preparación das clases e a responsabilidade.

- Utilización de estratexias que obriguen a ter presénte-los coñecementos previos que posúen.

## RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias de páxinas dos diversos cancioneiros.
- CDs coas audicións tratadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Analizar, segundo os criterios propostos, unha obra propia do repertorio da música tradicional e popular galega, dende o punto de vista musical e literario, atendendo ós criterios nos que foi creada ou empregada.

Recoñece-los diferentes cancioneiros existentes, e ser capaz de establecer relacións entre as pezas que conteñen, así como entre as investigadas no seu traballo cotián e as propias deste repertorio.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas aportacións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.

## AVALIACIÓN EN SETEMBRO

- O alumnado que non supere a materia en xuño realizará unha análise literaria e musical dunha obra pertencente a un cancioneiro visto en clase, seguindo os

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo


criterios de análise tratados. Ademais, e en contacto co profesorado ó longo do verano, entregará un traballo de investigación sobre un destes cancioneiros, de acordo co profesorado do departamento, de polo menos 2 páxinas en A4, Times New Roman 12 puntos, interliña sinxela, e 2 centímetros de marxe por cada lado. No traballo valoraras ea expresión escrita e a profundidade e novidade dos aontidos, evitando  amera copia ou transcrición literal.

## BIBLIOGRAFÍA


- **Bal y Gay, J. e Martínez Torner, E,:** *Cancioneiro Galego.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **González, D.:** *Así canta Galicia.* Ed. Caixaourense.

- **Paz Fernández, X.:** *Nas beiras do Eume.* Ed. Caixagalicia.

- **Rivas Cruz, X.L. e Iglesias Dobarrio, B.:** *Cantos, coplas e romances de cego, vol. I e II.* Ed. Ophiusa Ensino.

- **Rico Verea, M.:** *Cancioneiro popular das terras do Tamarela.* Ed. Galaxia.

- **Sampedro e Folgar, C. :** *Cancioneiro Musical de Galicia.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **Schubarth, D. e Santamarina, A. :** *Cancioneiro galego de tradición oral.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **VV.AA.:** *Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense.* Ed. Deputación Provincial de Ourense.

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

**CURSO 3º**
**OBXECTIVOS XERAIS**

- Coñecer en profundidade os cancioneiros existentes, relativos á Música Tradicional de Galicia.

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Coñecer a terminoloxía básica de análise, e saber aplicala nun contexto de estudio, con vistas a proporciona-los criterios necesarios para elabora-los seus propios traballos e publicacións.

- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

- Establecer uns criterios críticos mínimos á hora de estuda-los diferentes cancioneiros e valoralos, estendendo este principio de valoración ós seus traballos de investigación.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS**

- A análise literario e musical: guía e xustificación.Plantexamento básico de estudio.

- O cancioneiro de Bal y Gay e Martínez Torner. Antecedentes. Importancia. Características e historia. Apartados. Contidos.

- A recollida de narrativas e cantares de cego de Mini e Mero. Antecedentes. Características.

- “Cancioneiro Galego” de Dorothé Schubarth. Características e criterios de clasificación. Importancia e proxección da obra no estado actual da etnomusicoloxía galega.

- As gravacións de música tradicional e popular galega. Estudio crítico.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Afondamento na análise literaria.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Análise musical e literario de obras representativas dos diferentes cancioneiros.
- Audicións comparadas nas audicións, sempre que sexa posible por existir varias versións.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades e exercicios de clase.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)

## CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Actitude crítica ante o análise dos diferentes cancioneiros, valorando a súa contribución ó estudio da música tradicional e popular galega, pero tamén as carencias e problemas atopados neles.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Actitude de esixencia ante as análises realizadas por eles mesmos.

## CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Interese polo análise como medio de achegamento á música tradicional, sexa propia ou allea.
- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a música galega, así como postura activa ante a transmisión do patrimonio galego.

## METODOLOXÍA

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

- A materia preséntase ó longo da especialidade distribuída ó longo dos catro cursos, o que permite unha axeitada distribución dos contidos. Ademais, as indicacións presentes no currículo outórganlle unha considerable carga, polo que este principio de distribución e secuenciación é claramente necesario.

- En xeral, a distribución por cursos da materia establece, no primeiro curso, unha visión xeral sobre a música galega, a súa historia, organoloxía, investigacións... así como un principio de contextualización, ó tratar non só os estudios de índole musical, senón outros, sexan folclóricos, artísticos, literarios, idiomáticos, etc., considerando á música tradicional como mostra dunha cultura nun momento e lugar determinado, inseparable no seu estudio das circunstancias nas que, e para ás que, foi creada ou, empregada.

- segundo curso dedícase ó coñecemento e estudio dos diferentes cancioneiros, baseado na análise crítica das obras presentes neles, desde o punto de vista tanto musical como literario.

- terceiro curso pretende afondar no coñecemento dos cancioneiros, no análise literario e musical, e na capacidade de afrontar as súas propias investigacións.

- Finalmente, no cuarto curso estudarase a historia da música galega, desde a Idade media ata os nosos días, ademais de ofrecer unha visión ampla sobre a música galega, e non só do eido tradicional, con atención ós intérpretes sexa cal sexa o seu ámbito de actuación (gaiteiros solistas, cuartetos tradicionais, coros folclóricos, bandas históricas,
grupos folk...).

- Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias propias da especialidade,

especialmente en “Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica” de 1º curso, e “Historia da Etnomusicoloxía” de 2º. A materia directamente relacionada é “Traballo de campo”, coa que comparte contidos, polo que será habitual referirse indistintamente a ámbalas dúas, especialmente polo que se refire ós métodos de traballo seguidos no campo, así como o análise propio do “laboratorio”, e moi concretamente referidos ós cursos segundo e terceiro.

## ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes na materia. Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sá, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Nos traballos individuais aproveitarase o espazo da aula, redistribuíndo ó alumnado de forma espazosa.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Actividade: especialmente no segundo e terceiro curso, xa que o desenvolvemento da materia baséase na aplicación dun método activo, pois para comprende-los cancioneiros resulta imprescindible analizalos; por eso, será fundamental participar nas distintas actividades que impliquen o seu estudio e, polo tanto, o desenvolvemento da capacidade e coñecemento dos rudimentos básicos do análise etnomusicolóxico. No primeiro, dado o carácter introdutorio, o plantexamento estará máis baseado na exposición teórica do profesorado.

- A unidade de teoría e práctica: no terceiro curso, os conceptos teóricos referidos ós criterios a empregar á hora de realizar un análise, deben estar vinculados coas actividades propostas, baseadas na análise de obras propostas, como forma de interioriza-los aprendizaxes e automatiza-lo proceso de análise de obras, interiorizando os apartados tratados e comprendendo a existencia de tipos comúns (literarios e musicais, sexan rítmicos, melódicos, de tipo ou xénero, etc.) dentro do repertorio tradicional.

- A práctica no campo, a través da realización de investigacións concretas do folclore musical galego, no eido vocal ou instrumental.

- Socialización: a través do traballo en equipo plantexado nalgunha das actividades.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo


- Individualidade: realizando traballos tutelados de trascripción, investigación, etc.

## MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descubrimento: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñoce a través do interiorizado no estudio do instrumento principal, ou ben doutras materias, o ben desde as actividades realizadas fóra do centro.

## MODELO DE APRENDIZAXE

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores, e sen esquece-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación musical e investigadora.

- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre a necesidade e validez das análises realizadas.

- Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos previos, e estes en relación cos futuros de materias afíns, así como na súa formación persoal.

- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coas diferentes idades do alumnado e a experiencia con que contan no ámbito do análise e o traballo de campo.

## PROFESORADO

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, a dificultade dos contidos, e a experiencia previa deles, potenciando o

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo


intercambio e a participación cando se traten temas relativos á súa experiencia persoal e profesional.

- Consideración do carácter do alumnado como profesorado en outros centros, dado que varios deles comparten a súa formación con experiencia docente en centros de grao medio (e o resto como profesores particulares da súa especialidade instrumental).
- Fomento do traballo en grupo, establecido sobre criterios docentes, procurando potencia-lo reparto do traballo, a preparación das clases e a responsabilidade.
- Utilización de estratexias que obriguen a ter en conta coñecementos previos que posúen.

## RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias de páxinas dos diversos cancioneiros.
- CDs coas audicións tratadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar, segundo os criterios propostos, unha obra propia do repertorio da música tradicional e popular galega, dende o punto de vista musical e literario, atendendo ós criterios nos que foi creada ou empregada.
- Recoñece-los diferentes cancioneiros existentes, e ser capaz de establecer relacións entre as pezas que conteñen, así como entre as investigadas no seu traballo cotián e as propias deste repertorio.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas aportacións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

- Traballos individuais ou en grupo.

## AVALIACIÓN EN SETEMBRO

- O alumnado que non supere a materia en xuño realizará unha análise literaria e musical dunha obra pertencente a un cancioneiro visto en clase, seguindo os criterios de análise tratados. Ademais, e en contacto co profesorado ó longo do verano, entregará un traballo de investigación sobre un destes cancioneiros, de acordo co profesorado do departamento, de polo menos 2 páxinas en A4, Times New Roman 12 puntos, interliña sinxela, e 2 centímetros de marxe por cada lado. No traballo valoraras ea expresión escrita e a profundidade e novidade dos aontidos, evitando amera copia ou transcrición literal.

## BIBLIOGRAFÍA


- **Bal y Gay, J. e Martínez Torner, E,:** *Cancioneiro Galego.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **González, D.:** *Así canta Galicia.* Ed. Caixaourense.

- **Paz Fernández, X.:** *Nas beiras do Eume.* Ed. Caixagalicia.

- **Rivas Cruz, X.L. e Iglesias Dobarrio, B.:** *Cantos, coplas e romances de cego, vol. I e II.* Ed. Ophiusa Ensino.

- **Rico Verea, M.:** *Cancioneiro popular das terras do Tamarela.* Ed. Galaxia.

- **Sampedro e Folgar, C. :** *Cancioneiro Musical de Galicia.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **Schubarth, D. e Santamarina, A. :** *Cancioneiro galego de tradición oral.* Ed. Fundación Barrié de la Maza.

- **VV.AA.:** *Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense.* Ed. Deputación Provincial de Ourense.

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

**CURSO 4º**

**OBXECTIVOS XERAIS**

Coñecer en profundidade os cancioneiros existentes, relativos á Música Tradicional de Galicia.

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

Coñecer a terminoloxía básica de análise, e saber aplicala nun contexto de estudio, con vistas a proporciona-los criterios necesarios para elabora-los seus propios traballos e publicacións.
Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

Establecer uns criterios críticos mínimos á hora de estudar os diferentes cancioneiros e valoralos, estendendo este principio de valoración ós seus traballos de investigación.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS**

- A análise literario e musical: guía e xustificación. Plantexamento básico de estudio.

- “Cancioneiro Galego” de Dorothé Schubarth. Características e criterios de clasificación. Importancia e proxección da obra no estado actual da etnomusicoloxía galega.

- As gravacións de música tradicional e popular galega. Estudio crítico.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS**

- Afondamento na análise literaria.

**CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS**

- Análise musical e literario de obras representativas dos diferentes cancioneiros.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo


# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

- Audicións comparadas nas audicións, sempre que sexa posible por existir varias versións.

- Preparación dun traballo de investigación sobre a Música Tradicional e Popular Galega, no que se recollan, de maneira obrigada, os datos traballados durante os tres cursos anteriores.

- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades e exercicios de clase.

## CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)

## CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Actitude crítica ante o análise dos diferentes cancioneiros, valorando a súa contribución ó estudio da música tradicional e popular galega, pero tamén as carencias e problemas atopados neles.

- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.

- Actitude de esixencia ante as análises realizadas por eles mesmos.

## CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Interese polo análise como medio de achegamento á música tradicional, sexa propia ou allea.

- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia.

- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a música galega, así como postura activa ante a transmisión do patrimonio galego.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## METODOLOXÍA

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

- A materia preséntase ó longo da especialidade distribuída ó longo dos catro cursos, o que permite unha axeitada distribución dos contidos. Ademais, as indicacións presentes no currículo outórganlle unha considerable carga, polo que este principio de distribución e secuenciación é claramente necesario.

- En xeral, a distribución por cursos da materia establece, no primeiro curso, unha visión xeral sobre a música galega, a súa historia, organoloxía, investigacións... así como un principio de contextualización, ó tratar non só os estudios de índole musical, senón outros, sexan folclóricos, artísticos, literarios, idiomáticos, etc., considerando á música tradicional como mostra dunha cultura nun momento e lugar determinado, inseparable no seu estudio das circunstancias nas que, e para ás que, foi creada ou empregada.

- O segundo curso dedícase ó coñecemento e estudio dos diferentes cancioneiros, baseado na análise crítica das obras presentes neles, desde o punto de vista tanto musical como literario.

- O terceiro curso pretende afondar no coñecemento dos cancioneiros, no análise literario e musical, e na capacidade de afrontar as súas propias investigacións.

- Finalmente, no cuarto curso estudarase a historia da música galega, desde a Edade media ata os nosos días, ademais de ofrecer unha visión ampla sobre a música galega, e non só do eido tradicional, con atención ós intérpretes sexa cal sexa o seu ámbito de actuación (gaiteiros solistas, cuartetos tradicionais, coros folclóricos, bandas históricas, grupos folk...).

- Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñocementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias propias da especialidade, especialmente en “Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica” de 1º curso, e “Historia da Etnomusicoloxía” de 2º. A materia directamente relacionada é “Traballo de campo”, coa que comparte contidos, polo que será habitual referirse indistintamente a ámbalas dúas, especialmente polo que se refire ós métodos de

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



traballo seguidos no campo, así como o análise propio do “laboratorio”, e moi concretamente referidos ós cursos segundo e terceiro.

## ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

- Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes na materia. Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sá, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Nos traballos individuais aprovecharase o espazo da aula, redistribuíndo ó alumnado de forma espazosa, con vistas a que non interaccionen entre eles.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Actividade: especialmente no segundo e tercer curso, xa que o desenvolvemento da materia baséase na aplicación dun método activo, pois para comprende-los cancioneiros resulta imprescindible analizalos; por iso, será fundamental participar nas distintas actividades que impliquen o seu estudio e, polo tanto, o desenvolvemento da capacidade e coñecemento dos rudimentos básicos do análise etnomusicolóxico. No primeiro, dado o carácter introdutorio, o plantexamento estará máis baseado na exposición teórica do profesorado.

- A unidade de teoría e práctica: no terceiro curso, os conceptos teóricos referidos ós criterios a empregar á hora de realizar un análise, deben estar vinculados coas actividades propostas, baseadas na análise de obras propostas, como forma de interioriza-los aprendizaxes e automatiza-lo proceso de análise de obras,interiorizando os apartados tratados e comprendendo a existencia de tipos comúns (literarios e musicais, sexan rítmicos, melódicos, de tipo ou xénero, etc.) dentro do repertorio tradicional.

- A práctica no campo, a través da realización de investigacións concretas do folclore musical galego, no eido vocal ou instrumental.

- Socialización: a través do traballo en equipo plantexado nalgunha das actividades.

- Individualidade: realizando traballos tutelados de transcrición, investigación, etc.

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descubrimento: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a través do interiorizado no estudio do instrumento principal, ou ben doutras materias, o ben desde as actividades realizadas fóra do centro.

## MODELO DE APRENDIZAXE

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores, e sen esquece-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación musical e investigadora.

- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre a necesidade e validez das análises realizadas.

- Garantir a construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos previos, e estes en relación cos futuros de materias afíns, así como na súa formación persoal.

- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coas diferentes idades do alumnado e a experiencia con que contan no ámbito do análise e o traballo de campo.

## PROFESORADO

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, a dificultade dos contidos, e a experiencia previa deles, potenciando o intercambio e a participación cando se traten temas relativos á súa experiencia persoal e profesional.

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

- Consideración do carácter do alumnado como profesorado en outros centros, dado que varios deles comparten a súa formación con experiencia docente en centros de grao medio (e o resto como profesores particulares da súa especialidade instrumental).

- Consideración cara ós estudios previos ou simultáneos do alumnado, de índole universitaria (Maxisterio Musical), así como noutros centros superiores especializados no ensino musical (jazz e música antiga en Oporto).

- Fomento do traballo en grupo, establecido sobre criterios docentes, procurando potencia-lo reparto do traballo, a preparación das clases e a responsabilidade.

- Utilización de estratexias que obriguen a ter presentes os coñecementos previos que posúen.

## RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias de páxinas dos diversos cancioneiros.
- CDs coas audicións tratadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar, segundo os criterios propostos, unha obra propia do repertorio da música tradicional e popular galega, dende o punto de vista musical e literario, atendendo ós criterios nos que foi creada ou empregada.

- Recoñece-los diferentes cancioneiros existentes, e ser capaz de establecer relacións entre as pezas que conteñen, así como entre as investigadas no seu traballo cotián e as propias deste repertorio.

- Entregar un traballo de investigación para a materia, de 70 páxinas como mínimo, en formato A4, Times New Roman a 12 puntos, interlineado sinxelo, parágrafo despois 6 puntos, marxes de 2 cm a cada lado, debidamente encadernado, que recolla e aplique o estudado ó longo dos catro cursos. Dito traballo será exposto publicamente en data que se acordará co alumnado, na aula de Historia ou similar do centro.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática.
- Proba de análise escrita.
- Comprobación da exposición do traballo preparado.

## AVALIACIÓN EN SETEMBRO

- O alumnado que non supere a materia en xuño entregará o traballo en setembro, cos mesmos criterios xa expostos.

## PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS

O alumnado será informado puntualmente da marcha do curso. Dada a situación exclusivamente presencial, e a valoración da materia a través da observación cotiá e directa e a realización de traballos de clase, non se considera necesario expor publicamente as notas obtidas.

No curso 2006-2007, todos os alumnos do 3º curso, e máis da metade dos de 2º, son profesionais da música; algúns, incluso, imparten clases de gaita nos conservatorios de grao medio (Ribeira, Vilalba, Centro Autorizado Coppelia de Vigo, Conservatorio Profesional de Vigo, Conservatorio de Vilagarcía), en Escolas de Música de titularidade pública (Ortigueira, Deputación Provincial de Pontevedra), e a título máis particular (clases particulares, academias). A maioría son persoas adultas e con economía independente; non se considera ningunha medida de información ás familias, máis aló o que transmitan eles mesmos, dada a consideración da materia (en todo caso, estudiaríamos a información ás súas parellas ou, incluso máis adiante, ós fillos).

A programación si contempla a información puntual ás familias en caso de solicitalo elas, e sempre por escrito e contando co coñecemento do alumnado que, en todos os casos, é maior de idade e, na maioría, independente economicamente. Obrarase, neste suposto, de forma que non se atente contra a liberdade e a intimidade deles, tal e como as ensinanzas encamiñadas á consecución dun título equivalente á licenciatura universitaria suxiren.

Non se exporán as notas no centro evitando, así, as comparacións entre uns e outros, dada a diferenza máis que apreciable de nivel de preparación humanística entre o alumnado, tendo en conta o actual sistema de acceso ós estudos superiores pola proba especial, que apenas pode ter en conta a cultura do alumnado, vital para materias de índole teórica como ista.

C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo



# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

## PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A educación ambiental será tratada a través do interese espertado polo estudo dos materiais empregados na construción de determinados instrumentos musicais pertencentes á música tradicional e popular galega.

A educación para a saúde tratarase observando as pautas propias da cultura galega, inseparablemente unida ó traballo da terra. En xeral, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto desde o punto de vista do oínte como do intérprete ou do creador.

A educación para a paz e a tolerancia é, sen dúbida, a que maior peso ten nesta materia, ó trataren a músicas popular e tradicional galega, o que abre a mente do alumnado cara outras culturas, máis ou menos afastadas da propia.

A educación para o lecer estará presente na materia xa que, ó mostrar novas músicas, favorece o seu interese pola asistencia a concertos, práctica musical grupal, exposicións de instrumentos, etc.

Desde este mesmo punto de vista traballarase a educación do consumidor, desenvolvendo no alumnado unha actitude crítica ante o feito musical, a través das audicións, nunha primeira fase aumentando a consideración persoal cara á música e costumes da súa comunidade autónoma, propiciando o aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música

Respecto á educación moral e cívica, a música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento das normas, senón tamén na necesidade da súa existencia. Na materia terase en conta a actitude de escoita ós demais, o respecto mutuo ás opinións, a puntualidade, a orde na clase, etc

## TICs E FOMENTO DA LECTURA

O profesorado recomendará a lectura de obras relacionadas cos contidos estudados, sexan ensaios ou ben narrativas, considerando as revistas e publicacións en xeral de etnomusicoloxía e organoloxía presentes na biblioteca do centro, así como propias da cultura galega en xeral. Entre elas contarase, alomenos, cos seguintes autores: Xaquín Lorenzo, Carmelo Lisón Tolosana, Taboada Chivite, e Manuel Murguía. Leranse tamén as publicacións de disco-libro da serie “O Tiracolo” do selo “Ouvirmos”, as de Edicións do Cumio referidos á música tradicional galega, e a Revista Galega de Etnomusicoloxía “Etno-Folk”.

# MATERIA: MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR GALEGA

O traballo relacionado coas TIC realizarase a través da busca de información en Internet, o que permite ós e ás discentes aproximarse ós temas tratados sobre determinados instrumentos, agrupacións, culturas, empregando arquivos MIDI e mp3, fotografías, visita a páxinas web de música étnica, grupos folk galegos, etc. De igual forma, poderán empregar os xornais, revistas especializadas e determinados programas de radio (Trébede de RNE-R3, Músicas del mundo de RNE-Radio Clásica, Lume na palleira da RTVG, etc.), televisión (especialmente o programa “Alalá”, da TVG), para completar e ampliar a información recibida en clase.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se prevén actividades complementarias, dadas as dificultades de organización de horarios coas outras materias, a excepción da participación nas audicións propias do departamento.

En canto ás extraescolares, recomendarase a participación nos cursiños de perfeccionamento instrumental habitualmente organizados polo departamento de “Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega”.

O alumnado deberá facer un traballo no 4º curso, en colaboración coa materia de “Traballo de Campo” de 4º. Este traballo será exposto nunha data a acordar a finais de maio. O alumnado do departamento poderá asistir; o traballo exposto será entregado para a publicación na revista Etno-Folk, ou noutra calquera da mesma índole.

O alumnado terá aberta a participación na Revista Galega de Etnomusicoloxía “Etno-Folk”, na que o Departamento de Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega participa como Consello de Redacción. Para a publicación de artigos especializados neste medio contará coa colaboración do seu profesorado.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No presente curso, non hai que asumir ningunha medida excepcional de atención á diversidade, ó non contar con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Sen embargo, si se terá presente un principio de atención á diversidade máis xeral, debido á riqueza do alumnado no grupo clase. A medida concreta a tomar será facilitar a participación de aqueles maiores coñecedores da cultura galega, por participaren en agrupacións concretas (bandas de gaitas, folk, grupos de baile, cuartetos tradicionais...) En todos os casos, o limitado número de persoas matriculadas na materia posibilitará un tratamento, non xa da diversidade, senón incluso, claramente individualizado.